

# **PROXECTO EDUCATIVO**

---

**CEIP. VALLE - INCLÁN**

**MUÍÑOS**

**CURSO: 2014 - 2015**

# ÍNDICE

- 1º- DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO.
- 2º- LEXISLACIÓN.
- 3º- INTRODUCCIÓN.
- 4º- NOTAS DE IDENTIDADE.
- 5º- CONTEXTUALIZACIÓN.
  - Situación Xeral.
  - Descrición do Entorno.
  - Análise Socio - económico e Socio - cultural das Familias.
  - Lingua Usual.
  - Características do Alumnado.
  - Tipoloxía do Centro.
- 6º- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.
  - Horarios.
  - Elementos Persoais.
  - Servizos.
- 7º- COLABORACIÓN ENTRE OS DIVERSOS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA
- 8º- OBXECTIVOS DO CENTRO.
- 9º- EDUCACION INFANTIL
- 10º- EDUCACIÓN PRIMARIA.
- 11º- PLANS ESPECÍFICOS PARA O ALUMNADO QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO.
- 12º- RELIXIÓN OU ATENCIÓN EDUCATIVA.
- 13º- CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO
- 14º- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES´
- 15º- ORGANIZACIÓN DE RECURSOS MATERIAIS.
- 16º- AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PEC.

## 1º- DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO.

NOME: CEIP Valle – Inclán.

CÓDIGO do CENTRO: 32007739

CIF: Q 3200087 I

ENDEREZO: Rúa Otero Pedrayo s/n

LOCALIDADE: Mugueimes.

CONCELLO: Muíños

PROVINCIA: Ourense CP 32880

TELÉFONO: 988 456423

CORREO ELÉCTRONICO: [ceip.valle.inclan.muinhos@edu.xunta.es](mailto:ceip.valle.inclan.muinhos@edu.xunta.es)

PÁXINA WEB: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipvalleinclanmuinhos/>

ENSINANZAS: Infantil e Primaria

CENTRO ADSCRITO: IES Aquis Querquernis de Bande.

Nº de UNIDADES: unha de Infantil e unha de Primaria.

HORARIO: Lectivo de 9:10 h a 14:10 h. Comedor 14:10 h. a 15:10 horas.

SITUACIÓN XURÍDICA: Dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

## 2º- LEXISLACIÓN.

Atopámonos nun curso escolar especial ou transitorio no que conflúen dúas leis a **LOE** ( Lei Orgánica de Educación 2/2006, do 3 de maio ) nos cursos de 2º. 4º e 6º de Ed. Primaria; e a **LOMCE** ( Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa do 8/2013 do 09 de decembro ) que se aplica segundo a Orde do 23 de julio de 2014 nos cursos 1º, 3º e 5º de Ed. Primaria.

Outras Leis na que se base o PE son:

- Decreto 374/1996 do 17 de outubro Regulamento Orgánico das escolas de Ed Infantil e Primaria.
- Real Decreto 1630/2006 do 29 de decembro que establece as ensinanzas mínimas, os principios xerais, fins e obxectivos do segundo ciclo de Ed. Infantil. Currículo de Educación Infantil 330 / 2009 do 4 de xuño
- Este PE o completará outra serie de documentos que tamén son revisables como poden ser:
- RRI – Regulamento de Réxime Interno -. Decreto 87 / 1992

- Concreción Curricular.
- PXA - Programación Xeral Anual –
- Plan Lector.
- Plan de Convivencia.
- Plan de Autoprotección.
- Plan de TICs.

### 3º- INTRODUCCIÓN.

Conforme o disposto no artigo 6 da Lei Orgánica 9/1995, do 20 de novembro o Centro elaborará un Proxecto Educativo.

O noso Proxecto Educativo de Centro, así como as progresivas modificacións que se fagan del, será aprobado e avaliado polo Consello Escolar

Este Proxecto Educativo pretende ser un instrumento que aglutine as distintas características que constitúen o noso Centro Educativo, porque nós concibimos o centro como un lugar de convivencia harmónica no que a participación de todos, de forma coordinada, posibilite a integración das crenzas, principios, valores e estilos docentes, co obxectivo de acadar un fin común: “ o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos nosos alumnos e a non discriminación das persoas con discapacidade ”; polo que o noso proxecto será froito da participación de toda a comunidade: profesores, pais, alumnos..., en todos os ámbitos. pedagóxicos, administrativos , humano...

Este proxecto está baseado nos diversos documentos que se utilizan no centro escolar como son entre outros: as Programacións de Aula, Programación Xeral Anual, Memorias, Currículo, o Regulamento de Réxime Interno, o Plan de Acción Titorial, Plan Lector, Plan de Convivencia, Plan de TICs, Plan de Autoprotección, Lei Reguladora da Autonomía e Xestión de Centros...

### 4º- NOTAS DE IDENTIDADE.

✓ **Aconfesionalidade.** O Centro maniféstase coma aconfesional, á vez que respectuoso tanto con posturas agnósticas, como coa diversidade de prácticas, crenzas relixiosas e ideoloxías. O Centro non adoptará posición relixiosas ou ateas, senón que se respectarán as crenzas de cada persoa, profesor, pai e alumno.

✓ **Coeducación.** Intentamos evitar condutas que poñan en énfase os roles masculinos ou femininos polo que procuraremos proporcionarlles actuacións que

eliminen estas discriminacións de xénero. Para elo usaremos unha linguaxe non sexista, eleccións de libros de texto, ou calquera outro material, traballo en equipo...

Comprometido no desenrolo do sentido crítico e responsabilidade que está na base da Educación para o Consumidor.

✓ **Pluralismo e valores democráticos.** Os profesores deben respectar as conviccións relixiosas, morais e ideolóxicas dos seus alumnos, mantendo no seu acto educativo o principio de neutralidade ideolóxica, respectando o pluralismo, rechazando todo tipo de dogmatismo e mantendo un compromiso co conxunto de valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos. Estimularase nos alumnos os valores dunha sociedade democrática, solidariedade, tolerante, na que se respecte a dignidade das persoas, fomente a igualdade de todos os homes o respecto aos demais unha actitude de diálogo, rechazando calquera tipo de discriminación e actitude violenta.

A educación para a Paz será un dos aspectos a tratar e terá unha concreción práctica nas normas de convivencia do centro, que estará ao servizo dun obxectivo común favorecer a solidariedade e a tolerancia .

✓ **Método de Xestión.** Consignamos un modelo de xestión colaborativo e democrático coa participación de todos os sectores da comunidade educativa (pais, mestres, alumnos, persoal non docente...) Todos os órganos de xestión – claustro, consello escolar...-, asumen as súas responsabilidades e exercen o seu labor en función das mesmas.

✓ **Lingua de Aprendizaxe.** O Centro debe respectar a lingua familiar propia dos alumnos, realizando a aprendizaxe da lectoescritura en dita lingua. Procurarase a normalización lingüística do alumnado procedentes doutras zonas. Ao rematar a Primaria garantirase que o alumnado teña un coñecemento da lingua.

✓ **Liña Metodolóxica.** Entendemos o labor educativo baseado no respecto mutuo, no diálogo e a reflexión.

A nosa liña metodolóxica basearase no método participativo e activo (flexible, globalizador, socializador e individualizado ). Fomentarase no alumno unha actitude curiosa, activa, crítica e investigadora que mediante a comunicación e o traballo

converterase na base da súa formación e adquisición das aprendizaxes. Tratarase de adecuar o currículo ás características propias dos nosos alumnos e do entorno intentando dar unha resposta axeitada ás necesidades específicas de cada alumno mediante unha acción individualizada e de atención a diversidade.

Partiremos dunha avaliación inicial dos contidos que nos permitan axustar a ensinanza – aprendizaxe ao diferente nivel dos distintos alumnos. Adaptaremos o ensino aos diferentes ritmos e capacidades de aprendizaxe, flexibilizando na medida do posible os tempos escolares, coa finalidade de atender á diversidade do noso alumnado e facilitar a participación dos nenos/as en actividades complementarias; flexibilizaremos tamén a temporalización das unidades didácticas para adaptar o aprendizaxe dos contidos aos diferentes ritmos, a liña metodolóxica do noso centro irá encamiñada á consecución dunha aprendizaxe significativa...

A nosa ensinanza será activa, fomentadora do aprender a pensar e da creatividade do alumno/a.

Resumindo, consideramos ao alumnado centro da tarefa educativa, suxeito e protagonista da súa propia formación e membro activo da Comunidade Educativa. Tamén se realizarán avaliacións periódicas dos proxectos.

## **5º- CONTEXTUALIZACIÓN.**

- **Situación Xeral.**

O Concello de Muíños limita polo norte, cos Concellos de Lobeira, e Bande; polo leste cos da Porqueira e Calvos de Randín ademais de Portugal; polo sur ca veciña nación de Portugal; e polo oeste co Concello de Lobios.

O Concello de Muíños está situado na Baixa Limia, sobre os vales desta (encoro das Conchas e do Salas ) ao sur de Galicia e tamén da provincia de Ourense, da que administrativamente forma parte. Situado no Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés que, unido recentemente ao veciño Parque Nacional portugués da Peneda Gêres, conforma un dos espazos naturais mellor conservados de Europa Occidental, e que conta ademais con outras distincións como son: Lugar de Interese Comunitario (LIC), Reserva Internacional da Biosfera, Rede Natural 2000...

A súa altitude é de 620 m. sobre o nivel do mar, e ten aproximadamente 105 kms cadrados.

Neste Concello mantense ata os nosos días algúns restos históricos como son: mámoas, dolmens, restos de tumbas antropomorfas, así mesmo foi unha zona fortemente

romanizada a Vía XVIII del Itinerario Antonino, atravesaba o Concello, por outro bando este Concello conta co primeiro pobo medioambiental de Galicia “ Salgueiros ”..., todo isto condiciona algunhas relacións e situacións.



- **Descrición do Entorno.**

O Centro atópase no pobo de Mugueimes e foi inaugurado no ano 1973; pola súa situación, e polo seu contorno é un medio rural formado, por varios pobos dispersos dos que proveñen todos/as alumnos/as a excepción dun neno que reside no mesmo núcleo, por esta circunstancia todo o alumnado acude ao centro en transporte escolar.

A zona conta con algúns servizos públicos os máis próximos ao centro son: o Concello, a Caixa, o Centro de Saúde, a Farmacia, a Casa da Cultura - Biblioteca, o Polideportivo e o Centro de Día Residencial de maiores que foi inaugurado no mes de Febreiro. O centro está situado no parque do Corgo na que se realizan diversas actividades como Campo a Través organizado polo Deporte Escolar e onde asisten varios alumnos dos centros tanto de Ourense como de Cartelle, Celanova, Ramirás, os centros da zona do Xurés..., por outra banda no encoro antes citado hai unha praia fluvial, acondicionada, cunhas instalacións que son aproveitadas no verán para a realización de campamentos de nenos e xoves...

O concello máis próximo é o de Bande onde a parte dun CEIP atopase o IES que agrupa o alumnado dos concellos na zona do Xurés: Bande, Entrimo e Lobios.

- **Análise Socio - económico e Socio - cultural das Familias.**

A poboación a finais do 2013 era de 1.744 habitantes.

A baixa densidade e a perda de poboación é a característica máis importante neste Concello, a pesar de que nos últimos anos estase a notar un certo movemento de familias que tanto chegan ou se van da zona principalmente por motivos laborais.

A agricultura ( centeo, millo, patacas e árbores froitais ) e a gandería, complementadas co aproveitamento madeireiro son a base económica, o sector primario ocupa o 68% da poboación activa e o resto da poboación ocúpase no terciario, non existen industrias.

Sinalar que na maioría das familias tanto o seu nivel cultural como perfil socio – económico é medio – baixo, incluso algunhas familias non teñen ingresos salvo axudas como as riscas ou de traballos ocasionais. A actividade económica que se desenvolve na zona depende principalmente do medio rural agricultura – centeo, millo, patacas e árbores froitais - e gandeiro, sen esquecer a pequena actividade do sector terciario, xa que, non existen industrias.

A maioría das familias teñen estudos primarios.

Os pais dos alumnos dos cursos máis baixos, en xeral, preocúpanse pola educación que reciben os seus fillos, pero a medida que avanza os cursos decatámonos que hai unha maior despreocupación polo rendemento académico dos seus fillos xa que pensan que a educación dos seus fillos só é competencia dos mestres, polo que as relacións de participación de pais sempre foi escasa e fundamentalmente a través da reunión que se ten individualmente con eles o día que recollen as notas; aínda que nos dous últimos anos están empezando a involucrarse nas actividades do centro, e aumenta a súa participación; polo que a partir do presente curso aproveitando este lixeiro cambio de actitude invitaráselles a que amplíen a súa participación de xeito que os pais que voluntariamente o desexen podan realizar obradoiros ou outras actividades destinados aos alumnos sempre contando coa nosa colaboración.

- **Lingua Usual.**

Debemos de garantir que a lingua familiar dos nosos alumnos sexa recoñecida e respectada por todos os membros da comunidade educativa.

A maioría das nosas familias falan o galego polo que os nosos alumnos son galegos falantes.

En Ed. Infantil todo o ensino desenvólvese en galego, e en Primaria agás as Matemáticas, Lingua Castelá, Ed. Artística ( música e plástica ) e Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos desenvólvense en galego.

Intentase deste xeito que ao rematar a ensinanza de primaria os alumnos teñan coñecemento oral e escrito, por igual, das dúas linguas cooficiais da Comunidade de Galicia – galego e castelán -.



Inglés: está lingua será impartida en Ed. Infantil e Ed. Primaria as horas indicadas segundo a Lexislación vixente.

- **Características do Alumnado.**

Os alumnos residen nos diversos pobos do Concello, polo que todos fan uso do Transporte Escolar. Isto condiciona que todos usen o comedor escolar que é de Xestión Indirecta, dirixido polo Concello.

Con pouco interese por aprender, e pouco motivados dende os seus fogares.

**Absentismo Escolar:** Cada titor ou profesor especialista fai un rexistro de faltas de asistencia do seu alumnado, o titor as introduce na aplicación informática do Xade, onde tamén rexistrará se son ou non xustificadas.

Se o número de faltas son moi significativas tense unha reunión cos titores.

Ata o momento non se deron casos graves. Pero se se derá seguirase todos os pasos marcados no Protocolo Educativo para a Prevención e o Control do Absentismo Escolar en Galicia do 31 de xaneiro do 2014.

O absentismo escolar que máis frecuente se dá no noso centro é por enfermidade o por consulta médica, para a xustificación destas faltas os pais teñen que seguir os seguintes pasos:

1º Se o alumno vai faltar por enfermidade durante varios días, ten que avisar ao centro telefonicamente e cando se incorpore o alumno terá que traer algún xustificante médico.

2º No caso de enfermidade leve ou outro motivo o titor terá que cubrir un xustificante de falta de asistencia facilitado polo Centro.

3º No caso que algún dos titores veña a recoller para levarse a un alumno en horario lectivo terán que ter o permiso da dirección e cubrir a solicitude para sacar ao alumno do Centro, facilitado pola titora. Se o alumno entra ao Comedor os pais / titores terán que esperar a que acabe a hora do Comedor para poderse levar ao seu fillo/a.

Ademais do exposto anteriormente en caso de ter algunha mínima dúbida dun posible caso de absentismo escolar seguirase paso a paso o protocolo de prevención e control do absentismo escolar que a Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria, con data 31 de xaneiro acaba de establecer para toda Galicia, e do cal cada titora ten unha copia.

**ALERTA ESCOLAR:** - Programa no que participa o Centro -

Neste curso escolar 2014 / 2015 temos un alumno dado de alta neste servizo por mor de ser alumno diabético. No Centro tamén se atopa o medicamento, proporcionado pola familia, necesario en caso de que o alumno sufra unha crise grave.

A localización do medicamento é coñecida por todo o profesorado e os membros do Comedor.

- **Tipoloxía do Centro.**

É un centro construído en 1973 e consta de dúas plantas, porque no se momento había unha grande cantidade de alumnos; debido ao notable descenso da matrícula, agora só se usa a Primeira planta, xa que a segunda foi descartada e pertence ao Concello de Muíños que a aproveita para realizar diferentes actividades, cursos..., para aos habitantes do Concello.

Dada a época da súa construción observase diversas carencias por todo o Centro.

Na primeira planta atópase a Dirección, Biblioteca (que funciona tamén como aula multiusos sendo lugar de audio e vídeo e onde o profesorado e alumnado respectará en todo momento as normas establecidas ), Aula de Audición e linguaxe/ Pedagogía Terapéutica / Relixión, Sala de Mestres, catro pequenos almacéns, 2 aulas de Primaria, 1 de inglés, a aula de psicomotricidade, aula de infantil, sala de traballo de profesores, 6 aseos ( dous de infantil, dous para primaria e dous de profesores ), cociña, o comedor e 1 pequeno almacén de para cociña.

Na segunda Planta pertence, como dixen anteriormente, pertence na case totalidade ao Concello salvo unha aula que será a de Música.

Os espazos comúns de recreo está formado por un patio que se atopa a diferentes niveis e pouco coidado o que implica certos riscos á hora do tempo de lecer ou prácticas deportivas, ten un pequeno foso rudimentario que fai de areeiro, unha pista con o chan deficiente onde o alumnado xoga a fútbol e baloncesto onde hai dúas canastras moi antigas e dúas porterías sen redes.

Asemade hai ao lado un Polideportivo do Concello con acceso ao Centro a través dunha rampla e unha escaleira, que pode ser empregado durante o horario escolar polo alumnos para impartir as clases de Educación Física ou outros mesteres.

Segundo catálogo o Centro e de dúas Unidades.

O colexio ten neste momento dúas unidades en funcionamento unha de Infantil e unha de Primaria.

As Instalacións do Centro poden ser empregadas polos pais; tras a súa solicitude e aprobación á Xefatura Territorial, para realizar actividades e obradoiros co alumnado fóra do horario escolar os luns no horario no que está no centro o profesorado de 15:30 a 15:30 horas

## **6º- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.**

- **Horarios.**

Transporte: Ás 08:50 horas e 15:10 horas ( de Outubro a Maio ), en Setembro e Xuño será 15:00 h.

Comedor: de 14:10 h. a 15:10 horas, salvo en Setembro e Xuño que será as 15:00 horas.

Horario Lectivo do Alumnado: 09:10 a 14:10 horas.

Horario de Secretaría: martes, mércores e xoves de 11:55 a 12:25 horas.

Días e Horarios de Dedicación do profesorado ao Centro: Luns de 15:30 h. a 17:30 horas.

Día da presenza do Orientador no Centro: Luns de 12:00 horas a 14:10 h.

A elaboración de horarios tanto do alumnado como o do profesorado faranse a principios do mes de setembro tendo en conta: capacidade de traballo, fatiga do alumnado, a globalización, espazos, organización dos grupos, días que están no centro os profesores itinerantes, costumes, necesidades organizativas do centro, e dentro das posibilidades primando a posibilidade do traballo en equipo, aínda que deste centro debido ao número de profesores que ten é practicamente imposible. Todos os horarios ( do profesor, alumnado, quendas de recreo, quendas de transporte, faltas de asistencia e puntualidade do profesorado, gardas... ), estarán nun lugar visible e accesible para todos os membros da comunidade educativa – na cortiza da sala de mestres -.

- **Elementos Persoais.**

1 - Órganos de Goberno.

O CEIP Valle – Inclán é un centro de dúas unidades polo que posúe un único órgano de goberno unipersoal que é a Responsable do Centro.

Contamos con outros órganos como son.

- Consello Escolar. ( Formado por todos os membros do claustro, a dirección, un representante de pais e un representante do Concello ). O

Consello Escolar reunirse polo menos unha vez por trimestre, fóra no horario lectivo e en horas na que todos os membros poidan asistir sempre previa convocatoria e cunha antelación mínima de 72 horas. Se a orde do día o require poderase realizar convocatorias extraordinarias. Entre outras funcións: aprobar documentación do centro como: PXA, Memorias, PEC, RRI, aprobar os gastos..., escoller ao director...

- Comisión Económica. Fundamentalmente informará ao Consello escolar sobre os asuntos económicos do Centro.

- Claustro ( formado por todos os profesores que forman parte do centro e cunha participación activa )

- Comisión de Coordinación Pedagóxica, integrado pola Responsable do Centro, o profesor de apoio ao alumnado con necesidades educativas, o coordinador do equipo de normalización lingüística e a titora de primaria. Esta Comisión realizará funcións como: asegurar a coherencia entre o Proxecto Educativo os Proxectos Curriculares e a PXA, así como propoñer ao claustro avaliación, aprobación e modificacións, velar polo cumprimento dos Proxectos Curriculares, planificar as datas de avaliación, elaborar propostas de criterios e procedementos para as adaptacións curriculares e plan sobre a diversidade do alumnado, elaborar a organización da orientación educativa, elaborar propostas de criterios e procedementos para as adaptacións curriculares e plans sobre a diversidade do alumno...

2 - Na organización do centro tamén será importante outros documentos que están fóra do ámbito pedagóxico e disciplinario tendo máis ben carácter administrativo como son: documentos de control administrativo, libro de actas de Claustro, libro de actas das Actividades Complementarias e Extraescolares, libro de actas de Consello Escolar, libro de Contabilidade do Centro.

Todos estes libros están custodiados en Dirección.

3 - Alumnos.

Polas características do noso Centro o alumnado distribúese por etapas – Infantil e alumnos de Primaria -; aínda que nos anos no que a matrícula de Ed. Infantil sexa baixa, o contrario da de primaria, na aula de Infantil tamén agrúpanse e impártase clase aos alumnos de 1º de Primaria.

O ano escolar no que se agrupa toda a primaria nunha aula soe repercutir no desenrolo das diferentes áreas polo que intentarase que en función das diferentes actividades escolares ou dependendo no número de profesores que se asigne ao centro, favorecer outras agrupacións.

Ao ser un Colexio pequeno hai unha homoxeneidade na metodoloxía en moitas das actuacións e actividades son e serán comúns entre os dous niveis.

#### 4 - Docentes.

O colexio conta cun cadro de persoal case o 50% definitivo. Os profesionais cos que contamos son: 1 mestra de Ed. Infantil ( definitiva ), unha de primaria ( definitiva ), 1 profesora de Relixión itinerante que ven ao centro un día a semana ( definitiva ), un orientador itinerante que tamén acude ao centro un día a semana ( definitivo ), mentres que os profesores das especialidades de Audición e Linguaxe, Pedagogía Terapéutica e Inglés serán itinerantes ben provisionais ou interinos.

Podemos considerar que o cadro de persoal, sobre todo o fixa do centro, é maioritariamente xove, inquedo, colaborador e preocupado pola súa formación , disposto a participar e colaborar en proxectos novos.

Entre as múltiples e diversas funcións que asumirá o claustro salientar as de:

- .. Coordinar as distintas actuacións que se leven a cabo no centro.
- .. Fixar criterios de avaliación do alumnado.
- .. Coordinar o uso dos recursos didácticos.
- .. Elaborar material didáctico.
- .. Elaborar criterios de recuperación do alumnado.
- .. Promover o intercambio de experiencias, actividades para que exista unha continuación no traballo entre os distintos niveis.
- .. Realizar a PXA ao principio de curso e as Memorias ao final de curso.
- .. Facer propostas para a elaboración do PE
- .. Analizar e valorar o rendemento escolar...
- .. Fomento das campañas a realizar a nivel centro.
- .. Desenvolvemento de técnicas de estudo.
- .. Detectar posibles trastornos de personalidade ou situacións familiares problemáticas promovendo accións que favorezan a súa integración.

Todos os mestres que pertencen ao Claustro deste centro terán que:

levar a cabo a planificación da Programación Xeral Anual ( mes de setembro), planificar os procesos de avaliación inicial - diagnose, coñecemento o historial do alumno...-, ( primeiras semanas de setembro), facer unha avaliación final, cumprimentar expedientes e toda a documentación necesaria, e a realización e entrega da memoria ( derradeiras semanas de xuño). Durante todo o curso o profesorado pertencente ao claustro terá que permanecer no centro todos os luns pola tarde para levar a cabo as reunións de claustro, programar as actividades de aula e aquelas necesarias para un bo funcionamento do centro, levar a cabo as entrevistas cos pais, avaliar o desenvolvemento das capacidades dos alumnos de acordo cos obxectivos xerais de etapa, así como, os procesos de ensino e a súa práctica docente...

Todas **As Programacións** de Infantil e a dos cursos no que se mantén a Lei de Educación LOE ( 2º, 4º e 6º ) dos mestres terán que tratar os seguintes puntos:

- ✓ Introducción e contextualización.
- ✓ Contribución da materia ao logro das competencias básicas.
- ✓ Obxectivos.
- ✓ Contidos.
- ✓ Temporalización, actividades e criterios de Avaliación.
- ✓ Mínimos esixibles.
- ✓ Criterios de Cualificación
- ✓ Procedementos e Instrumentos de Avaliación.
- ✓ Fomento da Lectura - Plan Lector -.
- ✓ Tratamento do fomento das TICs.
- ✓ Contribución ao Plan de Convivencia.
- ✓ Plan de Traballo para superación de materias pendentes.
- ✓ Actividades Complementarias e Extraescolares.
- ✓ Metodoloxía Didáctica.
- ✓ Materiais e recursos incluídos libros de textos.
- ✓ Procedementos para avaliar a Programación.

Mestras que as programacións dos cursos de Primaria que este curso se rexen pola nova Lei LOMCE cursos ( 1º, 3º, 5º ) terán os seguintes apartados:

- ✓ Introducción e contextualización
- ✓ Obxectivos xerais de etapa.
- ✓ Contribución da Área ao desenvolvemento das Competencias.

- ✓ Contidos.
- ✓ Organización e temporalización dos contidos.
- ✓ Estándares de Aprendizaxe e Relación coas Competencias.
- ✓ Criterios de Avaliación.
- ✓ Criterios Metodolóxicos e Estratexias Didácticas.
- ✓ Procedementos e Instrumentos de avaliación.
- ✓ Plan de traballo para superar as materias pendentes.
- ✓ Actividades Complementarias e Extraescolares.
- ✓ Materiais e recursos incluídos libros.
- ✓ Criterios de Cualificación.
- ✓ Fomento da Lectura – Plan Lector -.
- ✓ Tratamento e fomento das novas Tecnoloxías.
- ✓ Contribucións ao Plan de Convivencia.

**As Memorias** que realizaran todos os mestres ao final de curso; terán que tratar os seguintes puntos:

- ✓ Introducción.
- ✓ Titoría ou grupo de alumnos que tivo ( Nº de Alumnos, características, resultados académicos, relación co profesorado e dirección, materiais didácticos empregados, porcentaxe do programa que se impartiu e motivo se non se deu completo, atención a diversidade...)
- ✓ Característica da aula.
- ✓ Lingua Vincular.
- ✓ Relación cas Familias.
- ✓ Metodoloxía empregada.
- ✓ Proxecto Lector, TICs
- ✓ Actividades Complementarias e Extraescolares.
- ✓ Propostas de mellora para o curso seguinte.

Polas características do noso centro os mestres poden encargarse dun grupo onde confuan varios grupos ou cursos.

5 – ANPA. Tense a intención de formarlá, pero existe un pequeno grupo de pais que presentan un bo grao de implicación e participación nas actividades do centro. Teñen unha representante da APA no Consello Escolar.

As relacións de pais-mestres son nos últimos anos máis fluída.

As competencias básicas que está levando a cabo son a representante dos pais é: informar a todos os pais/nais/titores, formular propostas para a realización de actividades complementarias e extraescolares, impulsar a colaboración entre todos os membros da comunidade Educativa, fan uso das instalacións do centro nos termos acordados no Consello Escolar e Xefatura Territorial.

6 –Departamento de Normalización Lingüística: Carecemos dun departamento coma tal a pesar delo o claustro asume as súas funcións coordinados pola dirección; as funcións son as reguladas na Orde do 17 de xullo de 2007 DOGA 24 de xullo 2007.

Un dos obxectivos que pretendemos é: “ Desenvolver nos alumnos a capacidade oral e escrita; ademais de coherente e axeitada, dándolle a lingua unha dimensional funcional ” polo que o Centro favorecerá o coñecemento, o uso do galego e a formación dos nosos alumnos en todos os eidos da nosa cultura, historia, arte, xeografía, costumes, tradicións, e outros aspectos sociolóxicos importantes, e para elo: as comunicacións ás familias faranse en galego, Programarase saídas no entorno cultural que se aproveitarán para coñecer mellor a cultura galega, fomentarse a través de xogos e outras actividades, o uso do galego, fomentar a lectura nesta lingua, aumentar; sempre que os recursos económicos o permita, a dotación de libros, participar en certames literarios, fomentar a través xogos tradicionais e outras actividades lúdicas o uso do galego nas actividades informais do alumno, celebrarase festas populares galegas que realcen a nosa lingua e cultura como o Magosto, Entroido, Días das Letras Galega.

Sempre traballaremos para integrar a toda a comunidade na contorna e na realidade galega.

7 – Departamento de Orientación. Formado por todos os titores, profesores de PT e AL e o Orientador. O noso centro está adscrito ao Departamento de Orientación do CEIP de Bande. Reseñar que polo número de alumnos con diferentes problemáticas temos os especialistas de PT e AL itinerantes.

O departamento de Orientación colabora ca Responsable do Centro no deseño de accións educativas e toma de decisión, así como na relación cos país/nais.

Polas características do Centro é difícil ter as reunións do Departamento no horario lectivo, polo que nunha das sesións da mañá quen sí se reunirá todas as semanas será o Orientador co especialista de: - AL ou PT - que lle toque estar no noso Centro o día que ven o Orientador.



8 – O Centro non conta nin con Persoal Laboral nin administrativo.

- **Servizos.**

- Comedor Escolar: de Xestión Indirecta autorizado pola Consellería para ser levado polo concello.
- Transporte Escolar: Dependente da Consellería de Educación para alumnado con domicilio a máis de 2 Km. Aínda que se pode facer unha solicitude de excepción se se cumpren os requisitos esixidos pola Delegación de Educación.

As empresas responsables do transporte son: ANPIAN e PERDIZ, actualmente existen 3 rutas. Seguindo a lexislación vixente; a recepción do alumnado, usuario de transporte, será atendido e organizado dende que é deixado polas coidadoras ata a hora de entrar ás aulas pola responsable do centro e os profesores.

- Impártese: os dou niveis: Ed. Infantil e Ed. Primaria esta etapa segue durante este curso as dúas normativas vixentes LOE ( 2º, 4º e 6º ) e LONCE ( 1º, 3º e 5º )
- Limpeza: A realización do servizo de limpeza corre a cargo do Concello de Muíños.

## **7º- COLABORACIÓN ENTRE OS DIVERSOS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA**

Terase como obxectivo principal o de facilitar a acción educativa e posibilitar a boa organización e funcionamento do Centro.

### Profesores / Familias.

- Colaboración na posta en práctica dos plans de actuación do Centro.
- Información en ambas direccións das características psico-biolóxicas do neno/a nos distintos niveis.
- Asistencia ás reunións informativas; realizarase por curso como mínimo catro reunións ( unha ao inicio de curso no mes de outubro para presentar os obxectivos que se pretenden, normas, calendario, actividades....., e outras tres ao remate de cada trimestre para entregarlles o boletín de notas.
- Reunións extraordinarias para abordar problemas específicos.

Profesores / alumnos.

- Axuda o Profesor en todos os procesos de aprendizaxe.
- Actitude receptiva do alumno ante as acción educativas.
- Respecto mutuo das características individuais sen menosprezo dos aspectos socializadores inherentes a un grupo educativo.
- Crear un ambiente de seguridade aos alumnos que favoreza o diálogo cos profesores, no que manifesten as súas opinións, inquedanzas e intereses.

ANPA – ASOCIACIÓN DE PAIS / CENTRO.

- Centro facilitará as actuacións promovidas por calquera dos sectores da comunidade educativa, sempre que vaian dirixidas a mellorar a formación do alumnado.

**8º- OBXECTIVOS DO CENTRO.**

➤ Ámbito Pedagóxico.

- Evitar calquera tipo de autoritarismo, competitividade negativa, potenciando unha ensinanza activa na que se desenvolvan a iniciativa persoal, a orixinalidade e a creatividade.
- Potenciar o desenvolvemento das habilidades básicas atendendo ao estado evolutivo do alumno.
- O noso obxectivo é conseguir que os alumnos logren o máximo desenvolvemento intelectual.
- Potenciar a coeducación e atención á diversidade para que non se produza ningunha discriminación por razón de sexo ou condicións persoais.
- Lograr a integración dos alumnos con problemas de aprendizaxe tratando de buscar as causas e tentar darlles unha resposta adecuada, establecendo medidas de apoio e propostas de mellora.
- Revisar e realizar as Adaptacións Curriculares para o alumnado que o precise.
- Favorecer o traballo persoal en equipo potenciando as capacidades de observación, análise e reflexión crítica.
- Procurar coordinación entre os profesores fomentando a coordinación das actuacións dos mesmos con relación aos alumnos.
- Fomentar o coñecemento do medio no que se desenvolve o alumnado.

- Fomentar o tratamento dos temas transversais ( educación medioambiental, educación para a saúde, educación para a paz, a convivencia, educación vial...)
- Fomentar o uso correcto tanto oral como escrito, das dúas linguas oficiais ( galego – castelán ).
- Favorecer o perfeccionamento da lecto - escritura en todos os ámbitos.
- Promover hábitos de lectura e fomentar o uso das bibliotecas.
- Capacitar aos alumnos para que ao final da ensinanza primaria alcancen un nivel axeitado nas áreas instrumentais básicas.
- Facer do grupo de mestres un equipo colaborativo, coherente e conexo.
- Potenciar a utilización das novas tecnoloxías como un recurso de gran importancia nestes tempos.
- Proporcionar ao alumnado unha orientación tanto persoal coma escolar.
- Interesar ao alumnado na súa propia aprendizaxe.
- Cumprir e facer as correccións necesarias dos documentos do centro: Programacións anuais, programacións de aula, RRI, os diferentes plans do centro...
- Concienciar aos pais da necesidade de reforzar a acción da escola.

➤ Ámbito Institucional.

- Fomentar que os diferentes membros da Comunidades Educativa interveñan no control e xestión do Centro.
- Rendabilizar ao máximo os recursos económicos coa participación de todos os estamentos.
- Buscar axudas, de tipo económico ou material, a través doutros organismos ou entidades.
- Transmitir información aos pais sobre o proceso instrutivo e formativo dos seus fillos e facerlles participes dos mesmos e da vida do Centro.
- Favorecer a participación dos mestres en actividades de formación permanente.
- Facilitar a labor da asociación de pais.
- Implicar o Centro nos problemas ambientais da nosa zona e en xeral, do planeta.

- Estudar e coñecer a historia, xeografía, economía da comarca e das súas posibilidades de desenvolvemento, así como a riqueza natural da zona.
- Favorecer e potenciar iniciativas de renovación pedagóxica e dotarllas, sempre que se poda, dos medios e materiais necesarios.
- Facilitar ao profesorado, na medida do posible, a dotación de recursos suficientes para o desenvolvemento da actividade docente.
- Revisar a eficacia da distribución e utilización dos recursos materiais e didácticos.

➤ Ámbito de Relación coa Comunidade.

- Fomentar a participación de toda a comunidade educativa coas institucións locais.
- Potenciar as relacións do centro con outros centros de ensino da zona: IES Aquis Querquernis, CEIP Lobios, CEIP de Bande, CEIP de Entrimo....
- Realizar saídas aproveitando os recursos do contorno.
- Celebrar conmemoracións populares ou tradicionais da zona.
- Favorecer a relación ou visita con outras institucións, organizacións ou centros non educativos que poidan enriquecer a nosa labor educativa.
- Potenciar a participación dos pais/nais no proceso educativo dentro da súa competencia.
- Potenciar todas aquelas actividades Complementarias e Extraescolares que sexan de carácter formativo e que favorezan a educación no tempo de lecer.
- Fomentar valores de tolerancia como base dunha boa convivencia, respecto, liberdade, compañeirismo...
- Informar e consultar a cada sector educativo aquelas actuacións que lles afecten.
- Colaborar nas actividades promovidas por asociacións e entidades culturais.
- Abrir as instalacións para a utilización pública do edificio por entidades sen ánimo de lucro e con finalidades de interese social.

**9º- EDUCACION INFANTIL**

Atendendo á Normativa vixente impártense as seguintes áreas:

- Coñecemento e Autonomía Persoal.
- Coñecemento do Entorno.
- Linguaxes: Comunicación e Representación.

Se impartirá Relixión e Inglés.

De entre os numerosos obxectivos de Ed. Infantil centrarémonos dende o principio en que o alumno, na medida das súas posibilidades e de forma progresiva: descubra, coñeza e controle o seu propio corpo formando unha imaxe positiva, que adquira hábitos básicos de saúde e benestar, que respecte a diversidade, tamén se fomenta desenvolvemento actitudes de axuda e colaboración, desenrolo das súas capacidades de iniciativa e creatividade, emprego da linguaxe verbal de forma correcta e axustada a súa idade e que a través dela exprese os seus sentimentos, ideas desexos , experiencias...

O noso centro é un centro pequeno, polo que só conta con dúas unidades nunha delas, pola baixa matrícula de alumnado agrúpanse todos os alumnos Ed. Infantil de: 3, 4, e 5 anos. Algún ano escolar pode darse a circunstancia, por motivos moi concretos, que na aula de Ed. Infantil se agrupe e imparta clases tamén a alumnos de 1º de Primaria.

A aula de Infantil atópase na planta baixa é a máis ampla e luminosa do colexio, o que favorece que se poda dividir en recunchos (recuncho de bebida e aseo, biblioteca de aula, zona de merenda, de traballo, de xogo, de novas tecnoloxía, de plástica). Compartirán espazos e actividades co alumnado de Primaria tanto nos momentos de lecer como na biblioteca cando se realicen actividades adaptadas a Infantil e Primaria, no comedor e cando se realizan actividades tanto complementarias como extraescolares, xa que cando se pensan actividades intentárase que sexan adecuadas para os dous niveis por diminuír os gastos ao ser un centro pequeno.

O alumnado de Infantil que se incorpora por primeira vez ao centro inicia o curso o mesmo día e co mesmo horario co resto do seu grupo clase; debido principalmente a que todos soen facer uso do servizo de transporte.

- Plan de Actuación para o alumnado que se incorpora por primeira vez:
  - No momento da matrícula os titores cubrirán unha ficha ao titor para coñecer os hábitos básicos do alumno/a, e informaráselle aos pais do funcionamento do centro.
  - Realizarase unha entrevista entre o titor e a familia onde se espera obter toda a información necesaria, tranquilizar e implicar ás familias como parte fundamental do proceso de ensino – aprendizaxe dos seus fillos e despxear todas as dúbidas que podan xurdir.

Nesta reunión previa tamén se informará dos dereitos e deberes así como as vías de participación na vida do centro.

- Nos primeiros días traballarase con todo o grupo en conxunto para que se coñezan a través de múltiples xogos, farase un percorrido polo centro para que o coñezan, a través de diferentes actividades deixaremos que os alumnos que xa estiveran no centro lle vaian ensinando algunha normas básicas e respectarase os tempos de adaptación do alumnado.

Se o alumno se incorpora co curso comenzado traballarase con todo o grupo a chegado do novo alumno.

- O titor cubrirá unha ficha de observación e de avaliación inicial; analizadas as características se se detecta algunha necesidade tentarase dar unha resposta axeitada e rápida.
- Promover unha boa relación entre a familia e o profesorado
- Informar as familias periodicamente - a través das titorías -, do progreso académico, do comportamento e do proceso de integración á escola, informar de dereitos e deberes así como as vías de participación na vida do centro.

## 10º- EDUCACIÓN PRIMARIA.

A etapa de educación primaria forma parte do ensino básico e, polo tanto, ten carácter obrigatorio e gratuíto

A **finalidade** da educación primaria será a de facilitarles aos alumnos e ás alumnas as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e de traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e de preparalos/as para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria.

Nesta etapa educativa **as disciplinas** que deberá cursar cada alumno e alumna serán:

- a) Ciencias da natureza.
- b) Ciencias sociais.
- c) Lingua castelá e literatura.
- d) Matemáticas.
- e) Primeira lingua estranxeira.
- f) Educación física.

- g) Relixión, ou Valores sociais e cívicos, a elección de pais, nais ou das persoas que exerzan a tutoría legal.
- h) Educación artística.
- i) Lingua galega e literatura (que terá un tratamento no centro análogo á de Lingua castelá e literatura, de xeito que se garanta a adquisición das correspondentes competencias lingüísticas e a adecuada distribución segundo o establecido no artigo 6 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario.)

**O horario semanal** para cada unha das disciplinas dos distintos cursos da etapa será o establecido na normativa vixente, quedando do seguinte xeito:

Áreas	Cursos					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua galega e literatura	4	4	4	4	4	3
Lingua castelá e literatura	4	4	4	4	4	3
Matemáticas	5	5	4	4	5	5
Ciencias sociais	3	2	3	2	2	3
Ciencias da natureza	2	2	2	2	2	2
Lingua estranxeira	2	2	3	3	3	3
Educación artística	2	2	2	2	2	2
Educación física	2	2	2	2	2	2
Relixión/ Valores sociais e cívicos	1	2	1	1	1	1
Libre configuración				1		1
<b>TOTAIS</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>

A **metodoloxía didáctica** será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.

Potenciación a aprendizaxe por competencias e prestarase especial atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo

mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

**As competencias clave** que se terán en conta na etapa de Educación Primaria serán as seguintes:

- a) 1º. Comunicación lingüística (CCL).
- b) 2º. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- c) 3º. Competencia dixital (CD).
- d) 4º. Aprender a aprender (CAA).
- e) 5º. Competencias sociais e cívicas (CSC).
- f) 6º. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- g) 7º. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Procurarase a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e se terán en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo. Así mesmo, poñerase especial énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as disciplinas.

Promoverase o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero,



favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Os alumnos de Educación Primaria realizarán as **tarefas extraescolares** que cada mestre considere oportunas, acordes co adecuado desenvolvemento das competencias claves e os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe, atendendo a un principio de progresividade ao longo desta etapa educativa.

No uso das tarefas extraescolares, terase en conta un adecuado encaixe na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa das mesmas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado.

Ao tempo fomentárase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía.

**A avaliación** dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das distintas disciplinas traballadas, serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis que figuran na lexislación vixente.

O nivel obtido por cada alumno ou alumna farase constar nun informe, que será entregado aos pais, ásnais ou ás persoas que exerzan a titoría legal.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10.

## **11º- PLANS ESPECÍFICOS PARA O ALUMNADO QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO.**

Para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso deseñárase un conxunto de medidas e actuacións orientadas á superación dos aprendizaxes non

adquiridos co fin de favorecer a adquisición das competencias. Neste deseño o equipo docente fixará os aprendizaxes imprescindibles para seguir aprendendo e elaborarán instrumentos para a avaliación do alumnado con respecto a ditos aprendizaxes.

Para iso, os titores deseñan un plan de traballo específico para ese alumno ou alumna, realizan o seguimento do proceso de aprendizaxe deste alumnado e manteñen informada á familia. No plan, en base ás dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna e asesorados polo orientador, proporanse, cando sexa pertinente, as medidas de atención á diversidade que mellor dean resposta ás dificultades de aprendizaxe detectadas. O profesorado especialista colabora cos titores no deseño e desenvolvemento do plan de traballo..

Ao comezo de cada curso no mes de setembro a persoa titora realizará unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, na avaliación inicial o punto máis importante e obter a maior información sobre o grao de desenvolvemento das competencias. Esta avaliación incluírá a análise dos informes persoais dos cursos anteriores que se atoparán en cada un dos seus expedientes e a información obtida tras a reunión cas familias.

Analizaranse as causas polas que o alumno/a repite que poden ser diversas como: dificultade de aprendizaxe, traballo insuficiente, deficiencias intelectuais, pouco apoio por parte da familia..., e en función da que sexa ou das que sexan adoptaranse as decisións e accións oportunas.

Accións ou medidas que se poden adoptar son:

- Reforzos Educativos.
- Apoios dentro ou fóra da aula.
- Creación de hábitos de Traballo.
- Técnicas de Estudo.
- Atención individualizada.
- Contacto coas familias.
- Agrupamentos específicos.
- Apoios dun especialista ben de PT – Pedagogía Terapéutica – ben AL - Audición e Linguaxe - ou de ambos.

Os reforzos a grupos reducidos faranse na aula sempre e cando non entorpezan o normal desenvolvemento das sesións e seguindo o criterio establecido polo titor/a, o mestre de Pedagogía Terapéutica e/ou os outros profesores/as que van intervir con ese

grupo de alumnos e alumnas, tendo en conta as directrices establecidas ao efecto no Departamento de Orientación.

Esta Avaliación Inicial será o punto de partida ou a referencia para adoptar as medidas máis adecuadas ao alumno/a.

O orientador asesorará sobre a elaboración do plan e no seguimento do proceso de aprendizaxe.

## **12º- RELIXIÓN OU ATENCIÓN EDUCATIVA.**

Este curso conviven dúas Leis e por tanto un curso de transición da LOE a LOMCE.

Pola LOE o alumnado pode escoller ou non a Ensinanza Relixiosa para elo as familias do alumnado deberá notificar por escrito no momento da matrícula a opción de:

- Relixión Católica
- Opción confesional desexada
- Ou o seu rechazo a calquera das anteriores.

No caso de que durante os anos de escolarización se desexe modificar a opción elixida, só se porá facer por escrito.

Para o alumnado no que os seus titores marcaron a opción de rechazo á relixión o Centro ofrecerá a debida atención Educativa en horario simultáneo. Este alumnado será atendido polo seu titor e realizará actividades que consistirán no desenvolvemento por parte do alumnado de tarefas prácticas ( talleres, lectura de libros da biblioteca, audición ou visión de pezas musicais, confección de murais...) sempre sobre aspectos non incluídos no Proxecto Curricular.

Ca implantación da LOMCE en toda primaria para o curso 2015 / 2016. Os país / nais poderán escoller entre unha opción relixión - como ata agora – ou a materia de: valores sociais e cívicos.

Ca nova Lei o alumnado recibirá 1 hora a semana de esta materia ou ben de relixión a excepción de 2º de Primaria que terá 2 horas semanas.

## **13º- CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

Os criterios de avaliación e promoción vixentes no centro son os aprobados en claustro e que se rexen polas ordes de avaliación vixentes para educación primaria (Orde do 23 de novembro de 2007) e educación infantil (Orde do 25 de xuño de 2009).

### ❖ **Ed. Infantil**

Na etapa da educación infantil, a avaliación será global, continua e formativa. A observación directa e sistemática constituirá a técnica principal do proceso de avaliación. A avaliación nesta etapa debe servir para identificar as aprendizaxes adquiridas e o ritmo e características da evolución de cada nena ou neno. Para estes efectos, tomaranse como referencia os criterios de avaliación de cada unha das áreas. As familias recibirán periodicamente a información necesaria sobre o progreso dos alumnos, de xeito escrito trimestralmente e de forma persoal cando sexa necesario para facilitar unha coordinación adecuada no desenvolvemento do proceso educativo dos seus fillos.

A promoción á etapa de educación primaria poderá flexibilizarse de maneira excepcional no caso do alumnado con necesidades educativas especiais, prolongando un ano a estancia na etapa de infantil, e no caso do alumnado con altas capacidades intelectuais, anticipando un ano a incorporación á etapa seguinte.

### ❖ **Ed. Primaria**

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, tendo en conta o seu progreso no conxunto das áreas e as necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, polo que se porá especial atención nas condicións e adaptacións das probas e procesos de avaliación. Co fin de garantir a transparencia e a obxectividade do proceso avaliador, o centro porá a disposición das familias os criterios de avaliación empregados, os estándares de aprendizaxe avaliábeis, as estratexias e instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción.

De acordo cos criterios establecidos na Ley Orgánica de Mejora de la Calidad Educativa (LOMCE), no curso 2014/15 comezarase a realizar unha avaliación individualizada a todos os alumnos ao rematar terceiro de educación primaria, onde se valorará a súa situación respecto ás competencias en comunicación lingüística e matemática co obxecto de detectar dificultades e adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis axeitadas para superalas.

Do mesmo xeito e seguindo o calendario de implantación da LOMCE, no curso 2015/16 realizarase unha avaliación final individualizada a todos os alumnos ao rematar sexto de educación primaria, na que se comprobará o grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa. O nivel obtido por cada alumno farase constar nun informe, que será entregado aos pais

ou titores legais e será de utilidade para os centros docentes de cara á incorporación na educación secundaria obrigatoria, reflectindo a progresión dos aprendizaxes e ofrecendo información e orientación para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ou para adoptar outras medidas educativas.

Respecto á promoción do alumnado, ao final de cada curso, e como consecuencia do proceso de avaliación, tomaranse as decisións sobre promoción de curso do alumnado. A decisión de promoción de curso será adoptada polo equipo de mestres que imparten docencia ao alumno e deberá ter en especial consideración a información e o criterio do titor ou titora. Isto decidírase na última avaliación do curso. O alumno accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. Accederase tamén ao seguinte curso cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo curso. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

#### **14º- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

Estas actividades estarán detalladas na PXA do curso, pero sempre terán que estar orientadas a favorecer o desenvolvemento intelectual en físico do alumnado, así como dar a coñecer a cultura, historia, características da sociedade que lle rodea. Estes fins conseguiranse principalmente con: saídas e charlas didácticas de diversos temas, visitas a museos e exposicións, realización de obradoiros, asistir e participar en obras de teatro, participación en diferentes actividades físicas...

As Actividades Extraescolares deberán ser non curriculares e voluntarias.

Dentro do horario lectivo celebrarase as seguintes conmemoracións: Samaín / Halloween, Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día do Libro, día da Árbore, Día da Muller Traballadora, Día das Letras Galegas e Día dos Parques Naturais.

De todas estas actividades serán informados toda a Comunidade Educativa.

## 15º- ORGANIZACIÓN DE RECURSOS MATERIAIS.

Os medios ou recursos materiais non serán unha finalidade en si mesmos, pero si están relacionados con todos os elementos da acción educativa e moi especialmente coa metodoloxía e os procesos de aprendizaxe motivando, reforzando, provocando experiencias e creando actitudes no alumnado.

### A. Zona Exterior.

O Centro conta con rampla adaptada a discapacitados, dende a zona de aparcamento dos autobuses e pavillón ata a porta do Centro.

Unhas das zonas comúns, o patio, está todo el en moi mal estado con grandes desniveis, rochas a vista, unha pista deficiente..., dende hai anos non deixamos de pensar e consultar posibilidades para a súa mellora, aínda que só sexa a pista, pero o seu presuposto é moi elevado.

### B. Zona Interior.

Equipamento: se a matrícula do alumnado aumenta como nos anos anteriores, necesitaríamos unha renovación de varias mesas de alumnado as cales están moi deterioradas e son de madeira antiga.

O equipamento de tecnoloxía – ordenadores – é escasa pero o punto máis negativo é que a maioría deles son obsoletos. Tamén se contempla a necesidade de dotar de WIFFI as aulas que non teñen acceso a Internet.

O material empregado polo alumnado ten que cumprir algunhas características como son:

- Lixeireza.
- Ausencia de risco para o usuario.
- Seguridade.
- Resistencia.
- Económicos.
- Adaptable ao usuario.
- Ser capaz de cubrir as necesidades para o que se empregará.
- Que se poda adaptar e utilizar en diversos espazos...

C. Material didáctico: Ao final de cada curso terá que ser organizado e ordenado, por todos os profesores, segundo sexa material de uso común ou de aula. O material de uso común estará no espazo destinado para elo na sala de

Mestres. O material de aula estará ordenado e recollido nos armarios abertos que teñen as aulas.

. O uso e control destes recursos materiais, así como as propostas de adquisición, será responsabilidade dos Mestres; as propostas se lle transmitiran ao Responsable do Centro que será o que decida no último término.

## **16º- AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PEC.**

Para que o PE se converta nun elemento esencial, eficaz e útil para a organización, xestión, funcionamento do centro e necesario a súa revisión e actualización polo que cada tres anos, vistas as suxestións recollidas nas memorias, ou cando sexa necesario por mor de cambios significativos no seno da Comunidade Educativa ou na propia lexislación farase unha revisión e actualización do PE sendo o cuarto curso o ano onde se establecerá o procedemento da súa revisión e a incorporación daquelas ideas de mellora que durante un trienio quedaran reflectidas na PXA.

A avaliación será continua, formativa, e sumativa.

O Proxecto entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación no Consello escolar.

Este proxecto Educativo permanecerá no Centro a disposición de todos os membros da comunidade Educativa.

Tras a difusión previa do borrador aos representante de todos os sectores da Comunidade Escolar e unha vez aprobado polo Consello Escolar, o texto definitivo será difundido a toda a Comunidade Educativa facendo uso das Novas Tecnoloxías.

O Proxecto Educativo de Centro foi aprobado en sesión ordinaria na reunión de Claustro de Profesores o día 12 de Xaneiro do 2015.

Na reunión ordinaria do Consello Escolar do Centro celebrado o día 19 de Xaneiro do 2015 quedou aprobado as modificacións e actualizacións correspondentes ao PE.

Muíños 20 de Xaneiro do 2015.